

FAIBEN
Fundación
de Apoyo á
Infancia e
ao
Benestar

2016

MEMORIA

PROGRAMA DE FORMACIÓN A
FAMILIAS EN ESPERA DE ADOPCIÓN

1. PROGRAMA DE FORMACIÓN A FAMILIAS QUE SE OFRECEN PARA A ADOPCIÓN

Faibén desenvolve desde o ano 2014 un programa de formación para familias que dispoñen do certificado de idoneidade para a adopción, tanto nacional como internacional.

O obxectivo desta formación é que as familias maduren o seu proceso adoptivo, coñezan as necesidades reais dos nenos e nenas que están a esperar unha familia, así como ferramentas educativas e afectivas que podan axudar a crear un entorno familiar estable e seguro.

Durante o ano 2016 continuouse esta formación coa repetición do módulo que se ofrecera durante o ano 2015 e desenvolvendo un segundo módulo dirixido ás familias que tiñan a lo menos tres das catro sesións do módulo 1.

As familias convocadas foron aquelas que se puxeran en contacto coa Fundación Faiben durante o ano 2014 e 2015.

Antes de realizar as convocatorias aos cursos fixéronse reunións cos equipos técnicos de adopción das catro provincias galegas co fin de dar a coñecer os novos contidos e propor colaboración na medida das súas posibilidades aos propios técnicos da Xunta.

CONTIDOS DAS SESIÓNS DO MÓDULO 1:

SESIÓN 1.- **A adopción.**

Un xeito moi meditado de vivir a maternidade e a paternidade

SESIÓN 2.- **A FAMILIA**

2.1.- Causas xerais que levan ao abandono.

2.2.- Necesidades xerais da infancia

2.3.- Necesidades específicas dos nenos e nenas que esperan unha familia

SESIÓN 3.- **A familia e a necesidade dunha rede de apoio.**

SESIÓN 4.- **OUTROS ASPECTOS DA ADOPCION**

4.1.- Dinámica.

4.2.- Adopcións abertas

4.3.- Características da adopción internacional.

CONTIDOS DAS SESIÓNS DO MÓDULO 2:

SESIÓN 1.- **A IDENTIDADE ADOPTIVA E APEGO**

SESIÓN 2: **ADOPTAR, INTEGRAR E EDUCAR**

Habilidades parentais

Pautas de crianza reparadoras

Familias terapéuticas

Adolescencia e adopción

SESIÓN 3: **ADOPCIÓN E ESCOLA**

Etapas do desenvolvemento dos nenos e das nenas

Accidentes e enfermidades: cómo previr

Alimentación e actividade física

Como apoiar a aprendizaxe e a relación da familia e a escola.

SESIÓN 4: **A RESILIENCIA**

Traballar o proceso resiliente de pais e nais.

Diversidade étnica e/ou funcional

FORMACIÓN A FAMILIAS QUE SE OFRECEN PARA A ADOPCIÓN

		DATA	LUGAR	Nº FAMILIAS	Nº PERSOAS
MÓDULO 1	Sesión 1	12/03/16	A Coruña	11	20
		09/04/16	Vigo	5	8
		27/05/16	Ourense	4	4
			Totais	20	32
	Sesión 2	07/05/16	A Coruña	5	8
		04/06/16	Vigo	7	11
		01/07/16	Ourense	5	7
			Totais	17	26
	Sesión 3	16/09/16	Ourense	5	7
		24/09/16	Vigo	7	11
		08/10/16	A Coruña	5	8
			Totais	17	26
	Sesión 4	18/11/16	Ourense	7	9
		26/11/16	Vigo	5	8
		10/12/16	A Coruña	4	6
			Totais	16	23

		DATA	LUGAR	Nº FAMILIAS	Nº PERSOAS
MÓDULO 2	Sesión 1	30/04/16	A Coruña	8	13
		28/05/16	Vigo	13	18
			Totais	21	31
	Sesión 2	11/06/16	A Coruña	9	16
		09/07/16	Vigo	12	17
			Totais	21	33
	Sesión 3	15/10/16	A Coruña	9	14
		19/11/16	Vigo	12	18
			Totais	21	32
	Sesión 4	03/12/16	A Coruña	8	15
		17/12/16	Vigo	7	9
			Totais	15	24

En canto ao módulo 2, se convocaron a todas as familias que se puxeran en contacto con Fai ben durante o ano 2015 e que fixeran como mínimo tres das catro sesións do módulo 1. Convocouse unha formación para cada provincia, pero non houbo familias suficientes interesadas en Ourense, e ningunha en Lugo polo que finalmente se realizaron sesións nas cidades de Vigo e Coruña. É importante referir que o equipo de adopcións de Ourense

informou a varias familias para a formación pero ao non ter feito o curso 1 non podían acudir a este e fixeron o módulo 1.

En conclusión, os principais datos de impacto en número de familias en formación para adopción, no 2016, son os seguintes:

FORMACIÓN A FAMILIAS QUE SE OFRECEN PARA A ADOPCIÓN

	Nº
Total de familias convocadas á formación (tanto módulo 1 como módulo 2)	150
Familias que realizaron todas as sesións do módulo 1	42
Familias que realizaron unha sesión do módulo 1	21
Familias que realizaron dúas sesións do módulo 1	17
Familias que realizaron tres sesións do módulo 1	25
Familias que teñen sesións pendentes do módulo 1	63
Familias que realizaron todas as sesións do módulo 2	10
Familias que realizaron unha sesión do módulo 2	1
Familias que realizaron 2 sesións do módulo 2	10
Familias que realizaron 3 sesións do módulo 3	5
Familias que teñen sesións pendentes do módulo 2	16
Familias que tendo feita toda a formación do módulo 1 no ano 2015, non realizou ningunha do módulo 2 no 2016.	13

ENQUISA DE SATISFACCIÓN

Realizouse, de cada módulo, unha enquisa de valoración, puntuando de 1 a 6, sendo o 1 “moi insatisfeito” e o 6 “moi satisfeito”, obtendo resultados moi positivos, como a valoración da profesional ou a posible recomendación desta formación a outras familias, con valores próximos á puntuación máxima.